




ITINERARIO LECTOR 1ºB



Título: O frac do pingüín

Autor: Carlos López

Ilustracións:

Editorial: Ala Delta

Colección:

Lugar e data de publicación:

O itinerario lector de primeiro curso de primaria durante o presente ano académico compúxose de tres libros: “Clementina y los planetas”, “Dila Crocodila” e “O frac do pingüín”. Este último foi polo que comezamos a nosa andaina coa lectura en 1ºB.

Trátase dun libro en narrativa, no cal a través de diferentes relatos ou contos pequenos, o autor pretende dar explicacións máis ou menos verosímiles e simples a vista dos ollos dun neno, das características dos diferentes animais cos que o alumnado está familiarizado. Así como a búsqueda de explicacións ante as curiosidades que plantexa o reino animal.

A través de graciosas comparacións entre os animais e o mundo que nos rodea, o alumnado é capaz de comparar e analizar os aspectos físicos dos animais relacionándoos con elementos básicos do seu día a día.

Polo que á volta das vacacións de Nadal, sumerxímonos no mundo plantexado por Carlos López vendo aos animais que nos íban aparecendo dende outro punto de vista. Decidimos inicialo neste período de tempo dado que o alumnado de primeiro xa se atopaba máis familiarizado e afianzado no seu proceso lecto-escritor o cal nos permitía poder deleitarnos coa lectura deste conto.

Unha vez rematada a súa lectura puxémonos a traballar e diseñar o noso produto lector. Para iso decidimos crear un lapbook cun dos animais que dende un primeiro momento nos chamou máis a atención: **o pingüín**.



ITINERARIO LECTOR 1ºB

Aquí vos deixamos unhas fotos do proceso de creación do noso lapbook. Cada alumno creou o seu propio lapbook de maneira individual e posteriormente tamén fixemos un en tamaño máis grande entre todos como representación do traballo individual feito ao respecto. Agardamos que vos guste tanto como nos gustou a nós elaboralo.



Creando os apartados do lapbook




Para darlle forma aos diferentes apartados houbo que cortar, pegar, decidir qué se iba a escribir...





ITINERARIO LECTOR 1ºB



O proceso creador non sempre resulta sinxelo para que todo encaixe perfectamente.



Pero pouco a pouco vemos os resultado da nosa elaboración...






ITINERARIO LECTOR 1ºB



Mans á obra coa escritura e dando renda solta á nosa imaxinación conseguimos escribir contos da altura do noso autor...ou polo menos iso agardamos!



Finalmente conseguimos...lapbook listo do noso particular **Frac do Pingüín**

